



Concello de
Redondela



Redondela é Deporte
CONCELLERÍA DE DEPORTES
Concello de Redondela

REGULAMENTO II CONTRARRELOJ POR EQUIPOS CONCELLO DE REDONDELA

O **SÁBADO 23 de SETEMBRO de 2023**, terá lugar en Redondela a II edición da CONTRARRELOJ POR EQUIPOS CONCELLO DE REDONDELA, organizada polo CONCELLO DE REDONDELA, e contando co patrocinio de RODAVIGO e coa colaboración da ASOCIACIÓN DEPORTIVA C.A.R.

1- PARTICIPANTES:

Poderán participar na contrarreloj corredores dende a categoría sub 16 ata a categoría Máster (é dicir, nados a partir do ano 2009) sempre que estean inscritas nos prazos e formas establecidos ao efecto pola Organización. Os equipos estarán formados entre **4 e 6 compoñentes** (no caso dos equipos mixtos un mínimo de 2 compoñentes terán que pertencer ao xénero feminino ou masculino; é dicir, considerase equipo masculino se hai unha única participante feminina no equipo e considerase equipo feminino se hai un único participante masculino no mesmo), tendo que chegar a meta xuntos, como mínimo, 4 dos compoñentes (no caso dos equipos mixtos os dous compoñentes femininos ou masculinos terán que formar parte deses 4 chegados a meta).

2- CATEGORÍAS DE COMPETICIÓN:

As categorías de competición serán as seguintes:

Equipos masculinos	4 a 6 compoñentes
Equipos femininos	
Equipos mixtos	

3- HORARIO DA PROBA, DISTANCIA E PERCORRIDO:

A proba comezará ás **19h do sábado 23 de setembro**, e discurrirá por un percorrido urbano, completamente cerrado ao tráfico, que ten unha distancia aproximada de 5 km. Haberá que dar dúas voltas: unha pequena (1600m) e unha grande (3400m), pasando por liña de meta entre unha e outra. O perfil do mesmo é completamente plano e 100% asfalto (nos días previos á carreira colgaremos na páxina web da Asociación deportiva C.A.R imaxes do percorrido, así como o perfil do mesmo). Os equipos saíran cada minuto, tendo que presentarse na zona de saída con 5 minutos de antelación ao momento da súa saída. A organización publicará a orde de saída con antelación á celebración da proba.

4- INFORMACIÓN E INSCRICIÓN:

As inscricións realizaranse online na plataforma de **CRNOTEC**.

As inscricións pecharán o mércores, día 20 de setembro. Non poderá inscribirse ningún equipo fóra desta data.

A cota de inscrición é de 6€ por atleta.

Haberá un teléfono de contacto, 667833100 (Manuel) para resolver calquera dúbida que lle poida xurdir ás persoas interesadas en participar.

5- RECOLLIDA DE DORSAIS:

Os dorsais de competición poderán recollese nos soportais do Concello de Redondela ata TRINTA MINUTOS ANTES DO INICIO DA CARREIRA.

6- SAÍDA E CHEGADA DAS PROBAS:

A saída das probas estará ubicada na ALAMEDA DO CONCELLO. A meta estará ubicada na rúa Alfonso XII, concretamente fronte á **Casa do Concello**.

O primeiro equipo en saír farao ás 19h. A partir de aí, a cada minuto, poranse en carreira os distintos equipos. Con antelación, a organización publicará a orde de saída dos distintos equipos.

7- PREMIOS E AGASALLOS:

Haberá unha cesta con produtos gourmet (valoradas en 150, 100 e 50€, respectivamente) para os tres primeiros equipos en cada unha das tres categorías establecidas pola organización.

Ademais, a organización está traballando para acadar diferentes agasallos para os participantes nas probas.

8- AVITUALLAMENTO / OUTROS:

Todos/as os/as inscritos gozarán dun avituallamento líquido e sólido ao finalizar o evento. Haberá a disposición dos atletas colectores de lixo polo que agradecemos que ao rematar depositen o lixo neles.

Este ano haberá servizo de duchas nun dos polideportivos municipais (o mesmo está situado a uns 400m da liña de saída e meta).

9- SERVIZOS MÉDICOS:

A organización disporá dos servizos médicos obrigatorios, seguro de accidentes deportivos e responsabilidade civil.